



BASES QUE REGULARÁN A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ASOCIACIÓNS DE VECIÑOS PARA INVERSIÓNS EN INFRAESTRUCTURAS E EQUIPAMENTOS DE CARÁCTER COMUNITARIO PARA O ANO 2018.

BASE PRIMEIRA. OBXECTO DA CONVOCATORIA.

1.1. OBXECTO

É obxecto da convocatoria a concesión de subvencións públicas en réxime de concorrència competitiva de proxectos para o apoio e promoción do movemento asociativo veciñal e a participación dos cidadáns de conformidade co previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Subvencións, a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no non previsto no artigo 232 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

1.2.- OS OBXECTIVOS

Os obxectivos que se perseguen conseguir son , entre outros, os seguintes

- A existencia e funcionamento ordinario de Asociacións de Veciños, para a representación e defensa de intereses xerais ou sectoriais.
- A xeración de grupos de actuación e programas de actividades estables, de forma que se produza unha continuidade nas actuacións anque varíen as actividades programadas.
- Promover os valores do medio natural e do patrimonio cultural da zona, concienciando na responsabilidade persoal de todos na súa conservación e protección.
- A participación interasociativa para o logro dos obxectivos común e a incidencia dos programas e actividades no entorno.
- A corresponsabilidade entre as Asociacións e a Administración Pública na financiación dos programas.

1.3 PROCEDEMENTO

O procedemento para a concesión das subvencións será tramitado en réxime de concorrència competitiva, ao abeiro do disposto no artigo 19.1º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, procedemento polo cal a concesión das subvencións realizarase mediante comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación das mesmas dacordo cos criterios de valoración fixados nestas bases, e adxudicar, co límite fixado nas mesmas dentro do crédito dispoñible, aquelas que tivesen máis valoración en aplicación dos citados criterios.

1.4.- Co fin de cumprir co principio de concorrència sinalado, as solicitudes serán examinadas por un órgano colegiado que se axustará aos preceptos contidos na, Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico del Sector Público, dacordo o artigo 22 la lei 38/2003, xeral de subvencións, de 17 de novembro.

BASE SEGUNDA.- FINALIDADE.

2.1.- Poderán ser subvencionables ata un máximo do 100% do seu orzamento total, as seguintes actuacións, que se encontren nalgún dos dous seguintes capítulos:



CAPITULO PRIMERO

MODALIDADE A.- Investimentos que impliquen a execución de obras de interese xeral no ámbito municipal para a comunidade veciñal como por exemplo camiños, abastecementos de auga, saneamentos, sedes sociais, etc.....

MODALIDADE B.- Actuacións que impliquen a mellora e recuperación de espazos naturais (acondicionamento de roteiros, recuperación de espazos naturais protexidos, parques públicos etc..).

MODALIDADE C.- Acondicionamento e creación de zonas de esparcemento para a comunidade veciñal (áreas recreativas, zonas de xogo..).

MODALIDADE D.- Equipamento de bens e instalacións de uso comunitario.

CAPITULO SEGUNDO.

MODALIDADE A.- Materiais para o acondicionamento de acceso a vivendas.

2.2.- As diferentes Asociacións **soamente poderán solicitar unha subvención** para unha das modalidades recollidas no capítulo primeiro das Bases. E podendo solicitar tamén a subvención para a modalidade A do capítulo segundo.

2.3.- No suposto de adquisición, construción, rehabilitación e mellora de bens inventariables o beneficiario deberá destinar os bens ao fin concreto para o que se concedeu a subvención durante, cando menos, cinco anos.

2.4.- O incumprimento desta obriga de destino será causa de reintegro, quedando o ben afecto ao pago do reintegro calquera que sexa o seu posuidor, sen máis excepcións que as previstas na Lei.

2.5.- Considéranse gastos subvencionables aqueles que respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen con anterioridade á finalización do período de xustificación.

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistras e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos son subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.

Os tributos son gasto subvencionable cando a persoa beneficiaria da subvención os abona efectivamente. En ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a Renda.

2.6.-Para os efectos do disposto no artigo 31.1 e 2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, considérase gasto realizado o que se acredite coa presentación das facturas e/ou xustificantes de gasto, sen que sexa necesario que se atope pagado nin que se acredite o seu pagamento.

BASE TERCEIRA.- ORZAMENTO.

3.1.- O Concello de O Valadouro dispón no orzamento prorrogado de 2017 para o 2018 dun crédito de CARENTA E DOUS MIL EUROS (42.000,00 EUROS) para amparar o gasto derivado desta convocatoria con cargo á aplicación orzamentaria 151.780.

3.2.-O crédito recollido na presente convocatoria ten carácter limitativo e vinculante para os órganos encargados da instrución e resolución do procedemento de tal forma que o importe das subvencións a conceder non pode superar en ningún caso a consignación recollida nas partidas anteriormente mencionadas.



BASE CUARTA. CONTÍA DAS AXUDAS.

4.1.- O importe da subvención solicitada poderá acadar o 100% do orzamento do proxecto presentado pola Asociación cun límite máximo de 6.000,00 euros divididos da seguinte forma:

- Un máximo de 4.000 euros paras a modalidade elixida do capitulo primeiro
- E un máximo de 2.000 euros nas actividades do capitulo 2.

4.2.- Se a suma das subvencións a outorgar a quen reúna os requisitos para acceder ás axudas fora superior ao crédito orzamentario previsto nestas bases, conforme ao disposto no artigo 22 da Lei Xeral de Subvencións, procederase ó prorrateo, entre os beneficiarios da subvención, do importe global máximo destinado as subvencións.

4.2.- O importe máximo destas axudas non poderá, en ningún caso, superar o custo das actividades que desenvolvan as entidades beneficiarias; estas axudas serán compatibles, para os mesmos gastos subvencionables, con outras axudas concedidas por entidades públicas ou privadas sempre que a acumulación de axudas non supere a totalidade do custo elixible e se respecten as condicións establecidas en cada réxime de axudas, na normativa nacional e comunitaria aplicable.

4.3 Da cordo o artigo 22 da lei 38/2003, xeral de subvencións, non se poderán outorgar subvencións por contía superior as que determine a convocatoria.

4.4 O pago da subvención realizarase en dous tramos. Adiantarase o 90% da subvención por parte do concédente, cuxos gastos serán obxecto de xustificación a posteriori polo subvencionado e o 10% restante unha vez finalizado as actividades subvencionadas que tamén serán obxecto de xustificación polo subvencionado.

BASE QUINTA.- BENEFICIARIOS.

5.1.- Poderán ser beneficiarios das subvencións previstas nestas Bases as Asociacións de Veciños que reúnan os requisitos seguintes:

- Que se encontren legalmente constituídas como tales e inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de O Valadouro e que se encontren activas e en funcionamento, con anterioridade á publicación desta Convocatoria.

- Que estean domiciliadas no municipio do Valadouro.

- Carecer de ánimo de lucro.

- Estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Comunidade Autónoma de Galicia, co Concello de O Valadouro e coa Tesourería da Seguridade Social.

- Non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario das subvencións previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de Xuño, de Subvencións de Galicia.

- Ter debidamente xustificadas as subvencións recibidas do Excmo. Concello de O Valadouro en anos anteriores.

5.2.- Non poderán ser beneficiarios destas axudas aquelas Asociacións que se atopen nalgún dos supostos previstos nos puntos 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



BASE SEXTA.- DOCUMENTACIÓN.

6.1.- As Asociacións interesadas deberán presentar no Concello a solicitude segundo o Anexo I firmada polo Presidente da Asociación e na que consten os seguintes datos:

- a. Datos do solicitante (datos da asociación veciñal, datos a efectos de notificación e datos do representante da asociación veciñal).
- b. Importe do proxecto e subvención solicitada.
- c. Acordo de solicitude de subvención, designación da persoa asinante da mesma, declaración de aceptación das bases reguladoras da convocatoria, de sometemento ás actuacións de comprobación e de compromiso de difusión da colaboración financeira do Concello (Anexo II).
- d. Declaración xurada de estar ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e autorización do solicitante para que o Concello de O Valadouro obteña de forma directa a acreditación das circunstancias anteriormente mencionadas da Administración Xeral do Estado, da Comunidade Autónoma e da Seguridade Social a través de certificados telemáticos. O solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, debendo entón aporta-la certificación (Anexo III)
- e. Declaración formal de non estar incurso en causas de incompatibilidade ou incapacidade para contratar e percibir subvencións da Administración Pública (Anexo IV)
- f. Certificado do Secretario/a da asociación na que se especifique que a asociación está en funcionamento, o número de socios/as a 31 de decembro de 2017 e os ingresos propios durante o exercicio de 2017. (Anexo V)
- g. Declaración da entidade, asinada polo representante, de todas as axudas solicitadas, tanto as concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade ante as administracións públicas e outros entes públicos ou privados (Anexo VI).
- h. Declaración xurada de non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro e de asunción do IVE (Anexo VII).
- i. Compromiso de utilización da lingua galega (Anexo VIII).
- j. Presuposto total e desglosado por partidas do investimento a subvencionar.

6.2.- Xunto coa solicitude deberán achegar a seguinte documentación:

- a. Fotocopia do D.N.I. da persoa que asina a proposición.
- b. Fotocopia do C.I.F. e dos Estatutos da Asociación.
- c. Certificación orixinal dos datos bancarios, na que figure a Asociación Veciñal como titular e o seu número de conta facendo constar o BIC e IBAN.
- d. No caso de que o investimento ou o equipamento supere os 9.000,00 euros o solicitante deberá aportar tres ofertas de diferentes provedores.
- e. No seu caso, certificado de Facenda de recoñecemento de exención de IVE.



6.3.- A documentación relacionada nos puntos 6.2. a), b) e c) non será necesaria aporta-la en caso de que non sufriran modificación respecto ás obrantes no Concello. Neste caso deberá asinar o apartado correspondente da solicitude de acordo co disposto no artigo 35.d) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común.

6.4.- A certificación orixinal dos datos bancarios deberá aportarse en todo caso.

6.5.- O Concello poderá solicitar, se así fora oportuno para a resolución do procedemento, calquera outro documento que estime conveniente, así como a comprobación dos datos recollidos na solicitude.

BASE SÉTIMA.- LUGAR E PRAZO DE ADMISIÓN DE SOLICITUDES.

7.1.- As solicitudes, xunto coa documentación anteriormente mencionada e dirixida ó Ilmo Sr. Alcalde-Presidente do Concello de O Valadouro deberá ser presentada no Rexistro do Concello sito en Feira Nova número 1 no prazo dun mes á partir do día seguinte ó da publicación pola Base de Datos Nacional de Subvencións do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Os interesados podrán examinar o texto integro destas bases na web municipal www.valadouro.org e na sede electrónica do Concello <https://valadouro.sedelectronica.es>. Se o último día do prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

7.2.- O prazo de presentación de solicitudes non poderá ser ampliado, segundo dispón o artigo 69.2 da Lei 39/2015, de 2 de outubro, de réxime xurídico do Procedemento Administrativo Común das administracións públicas.

7.3.- Tamén poderán presentarse nos rexistros e oficinas a que se refire o artigo 16 da Lei 39/2015, do 2 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Neste caso o solicitante deberá remitir, dentro do prazo límite de presentación de solicitudes, unha copia da instancia, debidamente presentada ao número de Fax 982.57.43.03. Sen a concorrencia de ambos requisitos non será admitida a solicitude.

7.4.- O modelo de solicitude poderá descargarse desde a web municipal www.valadouro.org e dende a sede electrónica do Concello <https://valadouro.sedelectronica.es>.

BASE OITAVA.- EMENDA DA SOLICITUDE

8.1.- Se a solicitude presentada fose incompleta ou presentase erros emendables, requirirase o solicitante para que, no prazo máximo e improrrogable de dez días hábiles, a partir do día seguinte a recepción da notificación, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, coa advertencia de que, de non o facer, se considerará que desistiu da súa solicitude, de acordo co previsto no artigo 20.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia logo de que se dite a oportuna resolución ao abeiro do artigo 21 da Lei 39/2015, do 2 de outubro, do procedemento administrativo común.

BASE NOVENA. INSTRUCCIÓN DO PROCEDEMENTO E SELECCIÓN DE SOLICITUDES.

9.1.- A instrución do procedemento de concesión de subvencións corresponderá á Concellaría Delegada de Cultura, Normalización Lingüística e Obras. O instrutor realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deba formularse a proposta de resolución.

9.2.- As actividades de instrución comprenderán a petición de cantos informes e documentos estime necesarios para resolver ou que sexan exixidos pola presente convocatoria e a avaliación das solicitudes ou peticións, efectuada conforme ós criterios de valoración establecidos na convocatoria. O órgano instrutor axustarase, no seu funcionamento, ó previsto



na Lei 39/2015, de 2 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das administracións públicas.

9.3.- A comisión de avaliación á que fai referencia o punto 4 do artigo 1 estará constituída polos seguintes membros:

- Presidente: O Alcalde-Presidente da Corporación.
- Vocais:
Dona Eva María Daura Sánchez, Concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular.

Dona María Mon Geadá, Concelleira de asuntos Sociais

Arquitecto Técnico Municipal.

Secretario-interventor da Corporación.
- Secretario: Dona Patricia Ben Magide, funcionaria da Corporación que actuará con voz pero sen voto.

9.4. A Comisión de Valoración, valorará os expedientes, consonte os seguintes criterios prioritarios:

A) .- Capacidade económica autónoma.

Se valorará de 0 a 8 puntos a autonomía económica da asociación mediante a fórmula ingresos propios/nº de socios.

Quen obteña un maior ratio da aplicación da mencionada fórmula referido ó exercicio de 2017 obterá a puntuación máxima de 8 puntos.

O resto de solicitudes aplicarase a seguinte fórmula:

$P = \frac{8 \times \text{Ratio da oferta que se valora}}{\text{Maior ratio ofertado}}$

Maior ratio ofertado.

B)- Representatividade.

Se computará o nº de socios da asociación inscritos e se asignará proporcionalmente con respecto ó seguinte baremo:

☐Menos de 20 socios: 7 puntos.

☐Menos de 30 socios: 5 puntos.

☐Maís de 30 socios: 4 puntos.

C) Poboación destinataria das actuacións.

Valorarase a poboación total do ámbito territorial de actuación de cada asociación: ata 10 puntos.

* Menos de 175 habitantes: 4 puntos.

* Menos de 225 habitantes: 6 puntos.

* Menos de 275 habitantes: 8 puntos.

* Máis de 275 habitantes: 10 puntos.

D) Proxecto de actuación.

Valorarase cunha puntuación máxima de 10 puntos de forma libre tendo en conta en todo caso os seguintes criterios:



-Proxectos que incidan na recuperación do medio natural ou do patrimonio natural da zona e dos recursos medioambientais, así como a creación de áreas recreativas e de xogo ou esparcemento (ata 6 puntos).

-Grado de complementariadade da inversión proposta con algún dos servizos de prestación obrigatoria establecidos no artigo 26 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (ata 6 puntos).

-Inversións que contribúan a crear xeración de grupos ou programas de actuación estables mediante acondicionamento e mellora dos locais sociais das Asociacións (ata 5 puntos).

-Grado de autonomía financeira da actuación con especial atención á Porcentaxe que supón a solicitude de subvención en relación co investimento proposto (ata 4 puntos). Valorarase da seguinte forma:

- O Aportación pola Asociación do 20% do investimento solicitado: 1 puntos.
- O Aportación pola Asociación do 25% do investimento solicitado: 2,5 puntos
- O Aportación pola Asociación do 30% do investimento solicitado: 4 puntos.

E) Compromiso de utilización da lingua galega: 2 puntos.

9.5 Para obter a condición de beneficiario será necesario obter un mínimo de 10 puntos

9.6.-O órgano instrutor formulará proposta de resolución provisional, establecendo un prazo de 10 días para a fase de alegacións, transcorrido o cal formulará proposta de resolución motivada das subvencións, logo de examinar os expedientes e do informe de avaliación emitido pola Comisión de Valoración, repartindo o importe total do crédito dispoñible proporcionalmente aos importes das axudas solicitadas e da puntuación obtida.

9.6.- Poderá prescindir do trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta outros feitos nin outras alegacións e probas que as aducidas polos interesados. Neste caso, a proposta de resolución formulada terá o carácter de definitiva.

9.7.- De conformidade co artigo 25 da Lei 9/2007, cando o importe da subvención da proposta de resolución provisional sexa inferior nun porcentaxe superior ó 20% ó que figura na solicitude presentada, poderase instar ó beneficiario á reformulación da súa solicitude para axustar os compromisos e condicións á subvención otorgable dentro do prazo de dez días hábiles establecidos para a presentación de alegacións. De non facelo no prazo concedido, manterase o contido da solicitude inicial.

9.8.- No suposto de que algunha entidade non acepte a axuda ou renuncie a esta, o órgano instrutor poderá formular proposta de resolución complementaria, e adxudicar o importe dispoñible ás solicitudes valoradas pola comisión e que non acadaron axuda por límites orzamentarios, de acordo coa orde de puntuación establecida.

BASE DECIMA. PRAZO DE EXECUCION.

10.1.- O prazo maximo de execucion das actividades subvencionadas sera o 30 de novembro de 2018.

BASE DÉCIMA. RESOLUCIÓN.

10.1.- A Xunta de Goberno Local no prazo de 15 días desde a elevación da proposta de resolución, ditará a resolución de concesión de acordo co disposto no artigo 34 do Decreto



11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

10.2.- Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións doutras administracións públicas ou entidades poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

BASE UNDÉCIMA. NOTIFICACIÓN E DESESTIMACIÓN.

11.1.- O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de seis meses contados a partir da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

11.2.- O vencemento do citado prazo de 6 meses sen que se notifique a resolución expresa faculta o interesado para entender como desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

11.3.- A resolución do procedemento notificarase ós/as interesados/as dacordo co previsto nos artigos 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 2 de outubro, do Procedemento Administrativo Común.

11.4.- As propostas de resolución provisional e definitiva non crean dereito algún a favor do beneficiario proposto fronte ó Concello namentres non se lle notifica a resolución de concesión.

BASE DÉCIMO SEGUNDA. PUBLICIDADE.

12.1.- Segundo o disposto no apartado 8.b do artigo 20 da Lei Xeral de Subvencións, na redacción dada pola Lei 15/2014, de 16 de setembro, o Concello remitirá á Base de Datos Nacional de Subvencións, as subvencións concedidas, con indicación según cada caso, da convocatoria, o programa e o crédito presupostario ó que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e o obxectivo ou finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados.

12.2.- Así mesmo, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, establece que os órganos administrativos concedentes deberán publicar no Diario Oficial de Galicia as subvencións concedidas con expresión da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade ou finalidades da subvención; e igualmente, na correspondente páxina web oficial nos termos previstos na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno.

BASE DÉCIMO TERCEIRA. ACEPTACIÓN, XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTOS.

13.1.- Notificada a resolución definitiva polo órgano competente, os interesados propostos como beneficiarios disporán dun prazo de 10 días para a súa aceptación, transcorrido o cal sen que se produza manifestación expresa se entenderá tacitamente aceptada, agás que no mesmo prazo se comunique de xeito formal e expreso a renuncia á subvención concedida, debidamente asinada polo representante da entidade beneficiaria

13.2.- Os beneficiarios das axudas quedan obrigados a acreditar a realización dos proxectos subvencionados e a xustificar a totalidade do orzamento, antes do 1 de decembro de 2016; en caso de non xustificarse a totalidade do orzamento do proxecto, a subvención será minorada na mesma proporción.

13.3.- En casos excepcionais, a entidade beneficiaria poderá solicitar unha ampliación do prazo de execución e xustificación da actividade subvencionada debidamente motivado, sendo a súa resolución adoptada polo Pleno da Corporación e tendo en conta tamén, que a ampliación non exceda da metade deste e sempre que con isto non se perxudiquen dereitos de terceiros.



13.4.-No caso de realización de obras o beneficiario deberá comunicar con carácter previo a data de inicio das obras á Oficina Técnica Municipal a fin de que a mesma poida asistir con presenza do beneficiario e do contratista ó replanteo da mesma. A falta de dita comunicación terá a consideración de incumprimento da obriga de xustificación e polo tanto levará consigo a esixencia de responsabilidade establecida na Lei Xeral de Subvencións

13.5.- O cumprimento efectivo dos fins para os que foi concedida a axuda acreditarase por medio da presentación de orixinal ou copia compulsada e unha copia da seguinte documentación:

-Conta Xustificativa establecida no Anexo IX.

-Certificación expedida polo Secretario da asociación veciñal da relación de facturas obxecto da subvención, indicando data da factura, número de factura, identificación do proveedor e concepto de gasto.

-Orixinais e copias compulsadas das facturas correspondentes ós gastos obxecto de xustificación.

-Memoria da actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

-Declaración responsable, de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, segundo o establecido no artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e no artigo 11 do Decreto 11/2009, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

-No suposto de adquisición de bens inmoebles, deberá aportarse certificado de tasador independente debidamente acreditado e inscrito no correspondente rexistro oficial.

13.6.- Así mesmo, débese ter en conta o establecido no artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia, e no caso de ter que solicitar as tres ofertas tamén as deberán achegar xunto coa xustificación

13.7.. Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou con outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, procedencia e aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, segundo recolle o artigo 28.6º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

13.8.- No momento da xustificación da execución do proxecto e, en calquera caso, antes do pagamento, o petionario debe presentar unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

13.9.-No prazo dun mes a contar dende o día seguinte a presentación da Conta Xustificativa polos Servizos Técnicos Municipais procederase á comprobación do investimento efectuado para o que se notificará ó beneficiario da subvención o día e hora en que se procederá ó mesmo para que poida asistir se o estima oportuno. Se o resultado da comprobación fose desfavorable paralizarase o procedemento de pagamento e notificarase ó beneficiario para que no prazo de 15 días poida formula-las alegacións que considere oportunas.

13.10.- Con carácter xeral os gastos xustificaranse mediante a presentación de facturas nas que se recolleran os seguintes datos:



☐ Nome, razón social, NIF da empresa que factura e razón social do beneficiario.

☐ Data de emisión da factura.

☐ Importe total. No caso de diferentes artigos ou unidades de obra, deberán desglosarse cada un deles.

☐ Base impositiva, tipo de IVE, importe do IVE e importe total da factura.

☐ Nos supostos de que a entidade emisora da factura esté exenta de IVE se incluírá certificación acreditativa de esta exención.

13.11.- No caso de honorarios profesionais xustificárense coas minutas ou facturas de honorarios (emitidas con tódolos requisitos legais) xunto co recibí ou o adeudo bancario. Se procede, xustificárense a retención e ingreso na Delegación da Axencia Estatal da Administración Tributaria das cantidades correspondentes ó IRPF.

13.12.- Non poderá realizarse o pago da subvención ata en tanto o beneficiario non se atope ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

13.13.- Os documentos presentados serán orixinais ou copias cotexadas.

13.14.- En caso de que non se xustifique debidamente a totalidade do orzamento presentado, a cantidade da subvención concedida reducirase de forma proporcional.

13.15.- A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia, segundo o disposto no artigo 45.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da citada lei.

BASE DÉCIMO CUARTA. RÉXIME DE ANTICIPOS.

14.1. No entanto, o Alcalde ou o Concelleiro Delegado, dentro das súas competencias, e mediante Decreto, poderán resolver un Anticipo da subvención concedida de até un 90% do importe total con dispensa de constitución de garantía.

BASE DÉCIMO QUINTA . OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS.

15.1.- Os beneficiarios das subvencións quedarán suxeitos ás obrigas recollidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. E, en concreto, estarán obrigados:

1. a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o cal fosen concedidos.

2.- Xustificar o cumprimento da finalidade da actividade obxecto da concesión da subvención.

3.- Someterse ás actuacións de comprobación e control dos órganos competentes e aportar a información que lle sexa requerida.

4.- Comunicar ó órgano concedente a solicitude e obtención doutras axudas, subvencións, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos percibidos.

15.2.- O beneficiario queda expresamente sometido ó control financeiro ó que se fai referencia no Título III da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións e, especialmente ás obrigas de colaboración reguladas no artigo 46 da citada lei nos termos seguintes:



15.3.- Os beneficiarios estarán obrigados a prestar colaboración e a facilitar canta documentación sexa requirida no exercicio das función de control que correspondan ás Corporacións Locais, a cuio fin terán as seguintes facultades:

- a. O libre acceso á documentación obxecto de comprobación incluídos os programas e arquivos en soportes informáticos.
